

No Mixtolingüismo

De cando Babel non é un castigo

JOAQUIM VENTURA

A recente aparición do ensaio de Teresa Moure, *Ouro idioma é posible* (Galaxia) abre a reflexión para revisar a actual encrucillada de pluralidade e converxencia de linguas desde unha perspectiva, como a galega, que ten no seu interior un conflito de diglosia. O uso dunha lingua non deixa de ser un dereito individual, mais hai unha dimensión colectiva que non pode ser deixada ás leis do mercado. Non podemos esquecer aquilo de “the small is beautiful”. Por iso a formulación ou defensa do ideal dunha lingua perfecta, con carácter universal, raramente será feita desde un ámbito lingüístico minorizado.

Na tradición xudeo-cristiá, ese mito colleu corpo na erección da torre de Babel, un acto de soberbia humana para disputarlle a Deus o acceso ao ceo, e no castigo divino de multiplicar as linguas para que os homes non se entendesen. Desde a filosofía, o *Crátilo* de Platón reforzou o mito.

As sociedades monolingües tenden a temer a alteridade, a non normalidade verbo do seu estándar. No subconsciente colectivo considérase que só pode haber un xeito normal de falar: o propio. E, de admitir a diferenza, esta nunca habería de ser diversa, como se laiaba aquel diplomático norteamericán na película *Avanti*, de Billy Wilder: “Paréceme ben que os europeos non falen inglés pero polo menos poderían falar todos o mesmo non-inglés”. Ese subconsciente agacha tamén a intelixibilidade recíproca. A un castelán sorpréndelle a dificultade do euskara, como se polo simple feito de ser unha lingua española xa tivese que ser comprensible, ou da lingua finesa, sen decatarse que o seu castelán sería igual de complicado para calquera habitante de Helsinki ou de Turku.

Nestes tempos nosos de globalización o contacto de linguas non veciñas territorialmente está

á orde do día. Como o era xa na Idade Media coa lingua franca falada entre navegantes e comerciantes mediterráneos. Un dos medos primarios é o medo ao outro: despois da cor da pel, a lingua adoita ser o segundo elemento de descubrimento identitario; canto non sexamos capaces de percibir nos nosos ouvidos é rexeitado, como se falasen distinto á mantenta, para que non os entendamos. Era aquilo tan habitual nos tempos do servizo militar obrigatorio cando os cataláns eran alcumados de “polacos”.

AS SOCIEDADES
MONOLINGÜES
TENDEN A TEMER A
ALTERIDADE VERBO
DO SEU ESTÁNDAR

George Steiner, na súa autobiografía *Errata*, consideraba que o mito de Babel é unha benzón, unha diversificación da maneira de ollar o mundo. Umberto Eco recolleu no seu explícito *A procura da lingua perfecta* (1993) as súas teimas polas linguas ocultas, tolas, raras (non sei se ten noticia do “trampitán” que empregou infantil, e ocasionalmente, Vicente Risco para escribir a Antón Losada Diéguez).

Se Babel nunca foi un castigo, agora aínda menos. Hoxe son dous os riscos que andan á espreita. O primeiro, a caída na uniformidade simplificadora co emprego do inglés como lingua franca. Porque se os demais aprenden inglés, para que estudar cadansúa lingua nativa? E así chegamos á aberración de escoitar a un español e mais un italiano falando en inglés. Este perigo supón anularmos totalmente para entender as culturas alleas, sen pontes cara

a elas nin cara á nosa. Como artificial resulta, malia a boa vontade fraternalista, os intentos esperantistas.

O segundo risco é o contrario: encerrarse na propia lingua, por menor que sexa, nunha actitude propia de que non sabe ollar alén do seu nariz: algo que leva a auto-castración por considerar que só as nosas verbas poden designar obxectos que temos por exclusivos. Días atrás unha coñecida falábame do seu fillo a quen unha xuíz, a propósito dunha manifestación, interrogaba en castelán polo significado da verba “gralla” que o rapaz dicía estar a tocar. “Pois gralla, é un instrumento catalán”, apoiaba a nai a maneira de xustificación, á falta de resposta do rapaz. Díxelle, con gran sorpresa súa, que servirían “chirimía” ou “dulzaina”, denominacións tamén propias do ámbito catalán, comúns co castelán e mesmo co galego. Así pois, e como defende o romanista Metzeling, non teñamos medo de practicar o multilingüismo nin o mixtolingüismo. O importante é a comunicación.



Radiografía do Vaticano

Entre o misticismo e a razón, entre a fe e a política, dirímese o futuro do Vaticano cando chega o momento do conclave. Porque se trata de saber quen levará o anel do Pescador como representante de Deus na Terra, o sucesor de Pedro, elixido polo Espírito Santo; pero, á vez, hai que tomar a trascendental decisión de determinar quen administrará o enorme poderío socioeconómico dun dos estados máis ricos do mundo, a pesar dos seus 0,44 km² e 900 habitantes.

O pasado mes de abril tivemos un bo exemplo. A elección de Joseph Ratzinger como Papa foi unha mostra explícita do pragmatismo polo que se rexe a Curia Romana para defender os seus intereses políticos, financeiros e dogmáticos. A súa proclamación foi debida a tres aspectos fundamentais: por un lado, garantizaba o continuísmo do papado de Xoán Paulo II; por outro, é o celador do dogma; e, en terceiro termo, pola súa idade –78 anos– garantiza, a priori, un mandato curto, pero suficiente para acometer o debate interno entre conservadores e reformadores de cara a este novo milenio.

Os pastores escasean no estado pontificio; abundan os políticos, os tecnócratas e os burócratas. E do que discuten e acordan, do que especulan, conxuran e conspiran no encerro do conclave os cardeais electos, só se deixa escapar un “Habemus Papa!”.

O escritor italiano Roberto Pazzi rachou con ese hermetismo e fixo unha radiografía indiscreta do Vaticano na novela *Conclave* (2001), que vén de aparecer agora en España (Ed. Alfaguara). No 2001 os católicos asistían á decadencia de Xoán Paulo II, un Papa moribundo que se resistía a deixar o goberno. O debate sucesorio xa estaba en marcha e Pazzi adiantouse aos acontecementos.

Así, o autor italiano botou unha ollada de *voyeur* entre os muros da basílica de San Pedro e descubriu un microcosmos polo que deambulan cardeais, capeláns, homes da Garda Suíza, monxas... nos que a carne pesa máis que o espírito.

A intromisión, de ficción, de Pazzi ten un fio condutor: o cardeal de Torino, Ettore Malvezzi. A través dos seus ollos seguimos o día a día do conclave destinado a elixir ao sucesor dun Papa con parecidos máis que razoables con Xoán Paulo II. Mais o enclaustramento de Pazzi prolongase por catro meses, até convertelo nun suplicio para os prelados, esgotados e esquecidos no seu recuncho polo resto do mundo, que só espera –tamén na realidade– o intre mediático, a fumata bianca. Pero non se trata dun illamento absoluto, xa que, na era das novas tecnoloxías, os arcebispos teñen á súa disposición teléfonos, móbiles e mesmo Internet, para estar en contacto cos seus achegados, entre os que non só están os familiares e amigos, senón tamén boa parte dos mandatarios do planeta.

A presión xérase tamén desde o exterior: por parte dos líderes mundiais, sabedores do determinante da elección, polo peso moral e coercitivo da Igrexa sobre os seus fieis; polos medios de comunicación, que tentan contrarrestar a política de non información do estado Vaticano; e polo Opus Dei e as chamadas Igrexas nacionais que ameazan con elixir



Conclave: o relato dunha fábula bíblica.

EFE

Todos os segredos do Conclave

ALBERTO QUÍN

o Papa noutra parte, nunha assemblea de bispos e sacerdotes.

E coa discordia, non tardan en emerxer tamén as conspiracións, encabezadas polos cardeais italianos.

Satisfacer o orgullo nacional e volver ao centralismo romano: velaí do que se trata. Argumentos fieis á realidade e piares da trama de *Conclave*, pois o certo é que os italianos viven mergullados nun trauma colectivo desde a morte de Albino Luciani (Xoán Paulo I), último papa italiano, xa que con el, o país perdeu o seu signo de poder case universal, derivado do modelo do César imperial, como expón o propio Pazzi.

Nese contexto, succédense as intrigas pagueas: os transalpinos conspiran para que sexa elixido o arcebispo de Milán; os asiáticos fan forza común contra es-

tes; os latinoamericanos reivindicán o poder pola masa de católicos que sustentan; a idea de entronizar a un palestino ou a un papa negro sacode aínda máis os ánimos... E por medio, dous cardeais mortos en extrañas circunstancias que avivan aínda máis a chama da desesperación. O egoísmo e o narcisismo suplantán á Divina Providencia nunha loita de intereses individuais e sectoriais que leva

SISTIMOS A UN
MICROCOSMOS ONDE, DE
CERTO, A CARNE SEMPRE
PESA MOITO MÁIS QUE O
ESPÍRITO

a parte dos electos á desidia e mesmo á deserción.

Con estes ingredientes, o escritor repousa toda a novela nun só escenario claustrofóbico, a Santa Sé, na que se desenvolve unha especie de fábula bíblica con calamidades como pragas de ratos, escorpións e morcegos que atentan contra o patrimonio artístico do Vaticano; ou situacións case que ilusorias como os intervalos de descanso dos prelados, espidos na sauna e nos baños turcos instalados no Torreón de San Xoán; e mesmo pasaxes xocosas a conta do prefecto da Congregación para a Doutrina da Fe (Ratzinger?), unha man de ferro que traíza a súa razón polo ardor que lle provoca o xove tenente da súa garda.

Pazzi describe así situacións hilarantes, por momentos hiperbólicas, hiperrealistas e mesmo surrealistas, pero que teñen un trasfondo crítico e reflexivo sobre o papel e o sentido da institución eclesíastica no século XXI e os seus retos, tales como o papel da muller na Igrexa, a relación co resto do mundo non católico, o Terceiro Mundo, as escisións, a pederastia entre o clero...

Oportunismo editorial

Un conclave arrastra moito máis que fieis católicos. Gobernos, medios de comunicación, ONGs e mesmo a cultura pon os seus ollos nesa reunión de papables que ten lugar no Vaticano.

O mundo editorial non foi alleo á última elección dos purpurados. Como introito tivemos os libros sobre a vida e obra de Xoán Paulo II durante a súa etapa de decaemento, sabedores os editores do progresivo deterioro do pontífice. E no seu ocaseo e, posteriormente, coa sucesión, multiplicáronse as publicacións sobre

o/s conclave/s no ámbito da análise.

A rápida elección de Joseph Ratzinger non colleu por sorpresa ao sector. A estratexia estaba ben planificada, cos tempos controlados para pór a industria a traballar arreo e lanzar millóns de exemplares ás rúas no intre preciso. Así, un dos máis oportunos foi o polémico Alfredo Urdaci. O destituído director dos servizos informativos de TVE colouse nas librerías con *Conclave: os segredos da elección do Papa ao descuberto*. Logo, chegaron obras como *Conclave:*

os segredos mellor gardados dunhas horas decisivas, de Rafael Ortega; *Un Papa para o século XXI: conclave*, de Saturnino Rodríguez; ou *Os segredos do conclave*, texto escrito en 1700 polo abate Melani, castrato e espía do rei Sol.

Pero, sen dúbida, o retrato por excelencia dos conclaves, iso si, no terreo da ficción, vén de moitos anos atrás, en concreto, de hai catro décadas, con *As sandalias do pescador*, de Morris L. West, novela que fixo universal a Michael Anderson no filme protagonizado por Anthony Quinn.

ENTREVISTA

Dios ke te Crew

Eo Dios Hip Hop enviou a Crew para predicar a verdadeira doutrina. Cal é esa filosofía inicial do hip hop á que queredes mantervos fieis?

-A filosofía que defendemos, e que temos nós ante o hip hop, é aquela de onde cremos que saíu todo. O hip hop naceu espontaneamente nas rúas como algo positivo, dentro dun caos e unha sociedade opresiva. O hip hop é iso: algo positivo que xorde nun entorno negativo, e esa positividade é o que cremos que hai que mover, xa sexa bailando break, como pintando graffittis, como facendo rap, etc. Trátase de promover algo creativo e así medrar como persoas e como artistas. E a xénese de onde sacaches esa frase é unha parodia e unha crítica, ao mesmo tempo, do hip hop e da Biblia. Xogamos con iso, porque vemos que o hip hop está indo por un camiño que non nos gusta.

- Cal é ese camiño que rexeitades?

-A competición insá e arrogante que non leva a ningún lado, máis que a crear malos rolos entre grupos e entre nós. Non transmite algo positivo, senón todo o contrario; iso de fardar, de crerse o embigo do mundo, de ir dicindo que "eu son mellor ca ti"... iso non leva a ningures. Estase a perder o respecto e, ás veces, escoitas moitas cancións onde se din unhas sachadas que non teñen ningún sentido.

- Nesta perspectiva tedes as cousas tan claras que sodes capaces de dicir, como afirmou Sokram nunha entrevista, que el o flow pasábao polo 'forro'...

-O que quero dicir con iso é que, se me estás a dicir estupideces, o teu flow, por moito que teñas, non me importa nada, así de claro. Primeiro foi a mensaxe, coller un micro para dicir algo. Hai que facelo co mellor estilo posible, claro, pero non podes preocuparte só do flow e dicir palabras baleiras.

- Coa Crew levades pouco máis de dous anos, pero 5 Talegos xa ten dez anos de historia. Como vedes a evolución do hip hop en Galiza dende que vós comezastes deica agora?

-Pois agora o hip hop está outra vez de moda, e vese que a todo o mundo lle interesa, así que están a saír moitos grupos. Está claro que cantos máis saian, maiores posibilidades hai de que apareza algo bo. E está subindo moito o nivel. Ademais, hai xente que xa levantempo, pero que se está a dar a coñecer agora.

- Ao final non chegastes a acordos con compañía ningunha e estades a autoeditar vós mesmos o voso dis-

“Non podes preocuparte só do flow e dicir palabras baleiras”

O rap, o graffiti, o break dance,... todas as disciplinas que forman o Hip Hop están presentes en Dios ke te Crew: un dos grupos con máis sona dentro do panorama galego e do que, nesta entrevista, fixeron de portavoces Sokram, Mou e Jamas.

NATALIA ÁLVAREZ

co, que sairá a finais de ano. Segue habendo as mesmas dificultades para gravar que antes?

-O que pasa agora é que é moito máis doado gravar unha maqueta. No 95 nós, por exemplo, non tiñamos os coñecementos para gravar. Agora todo o mundo

ten ordenador na casa, podes aforrar un pouco e comprar un micro e para gravar rap, onde se utilizan bases, samplers, etc, tampouco necesitas moitos cartos máis. De feito, nos últimos anos apareceron moitos selos discográficos novos por esta razón, porque a autoprodución está medrando. Igual que cada vez se venden me-

nos discos, tamén a xente se autoedita máis porque se vendes pouco, e aínda por riba firmas cunha compañía que vai quedar coa maioría da pasta que se gaña, pois non paga a pena. Porque de cada disco danche só unha miseria. O resto queda para a discográfica, para a distribuidora, etc.

- O feito de que rimedes en galego singularízavos, xunto con Non Residentz, dentro do panorama hip hop. Por que pensades que non saen máis grupos rimando na nosa lingua?

-Eu coído que un dos motivos pode ser que o hip hop xorde en espazos urbanos, principalmente, e nas cidades de aquí de Galiza a maioría da xente fala castelán. E o rap é unha música moi espontánea. Aínda que haxa cancións máis pensadas, cunha linguaxe máis coidada, sempre é algo moi espontáneo que cada quen fai na lingua que fala. Así que nós, como falamos en galego, pois cantamos en galego. E a Non Residentz pásalles o mesmo. De todos os xeitos, agora hai máis xente que fai algún que outro tema en galego.

- Participastes no filme "Hai que Botalos". Canto de reivindicativos teñen os vosos temas?

-Pois temos de todo. Temas máis reivindicativos e temas máis festeiros. Pero o que si é certo é que a palabra é unha arma moi forte, inmediata. Por exemplo, cando foi o da guerra de Irak, fixemos un tema sobre io e aos quince días estabámolo a cantar nun concerto. Así que un tema sobre algo de actualidade estalle a chegar directamente á xente. Pásalle a toda a música, pero ao rap aínda máis, porque nel a palabra é moi importante. Así que ese poder tan forte da palabra... pois si que o utilizamos. Pero tamén o utilizamos para expresar os momentos de alegría puntual, de festa, etc.



Compoñentes de Dios ke te Crew.
/ RAFA ESTÉVEZ

Polo incerto

Coma un soño salgado e escuro


ARMANDO REQUEIXO

Calquera que se achegue á biobibliografía de Antonio García Teijeiro descubrirá rapidamente dúas cousas ou, máis ben, unha mesma realidade de rostro biface: a súa intensa relación co mundo da palabra (analista literario, coordinador de actividades de animación á lectura e obradoiros, conferenciante e didacta) e a súa apremante necesidade de comunicar a través das súas numerosísimas obras (preto xa do medio centenar de títulos).

Doutra parte, o seu nome como autor aparece case sempre asociado automaticamente ao eido infantoxuvenil (no que ocupa un lugar principal por méritos propios, sen dúbida), esquecendo ou obvian-do o seu labor narrativo e poético para lectores adultos, existente dende hai ben tempo.

Así as cousas, se cada aínda haberá a quen sorprenda que García

Teijeiro dea agora a coñecer o poemario *Polo camiño do incerto* cando, en realidade, o escritor vigués comezou a súa carreira no mundo da letra impresa xustamente cun libro de poemas para adultos hai xa




preto de vinte anos, *Parolando coa vixencia* (1987), aos que aínda se virían sumar co tempo *Retorno aos lamentos* (1988), *Nos mares diversos* (1999) e *Na agonía dos outonos en silencio* (2002).

Quen abra as páxinas de *Polo camiño do incerto* ha atopar ao García Teijeiro máis reflexivo, debuzado na pescuda do sentido existencial, viaxeiro impenitente por areosos mares de tebra, túneles de sombra que son lañas da memoria, estigmática das guerras todas que a humana condición leva en pesado fardelo ao carrelo. Na incesante e espectral procura da viaxe, no camiño a ningures do eu interior que esgaza na loita por recuperar a esperanza, aí ancora o amarguexo que destilan estas páxinas que, porén, non queren ser de derrota e si de realista asunción da infancia ida e a xebreza do mundo adulto que nos tocou vivir. O visionario tráxico, mesmo por veces certo resaibo apocalíptico salfiren as planas deste libro, encrucillada de labirintos e sombras, de espellismos e nebulosas das que o eu poético tenta fuxir na procura dunha esperanzada luz de futuro.

Polo camiño do incerto é unha fiestra aberta á vertice. Coidado co vágado na viaxe por estas cobreguexantes páxinas que mancan coma trallazos. A liberdade coma un soño salgado e escuro.

GARCÍA TEIJEIRO, A., *Polo camiño do incerto*, Ed. do Castro, Sada, 2005, 68 páxinas



Leliadoura

Unha antoloxía poética

ROMÁN RAÑA

No emotivo prólogo que antecede o volume *Antoloxía poética Leliadoura (1985-1997)*, Basilio Losada resume e encomia o proxecto da colección Leliadoura de poesía, os pormenores da súa creación, os avatares que fixeron posíbel tan arriscada empresa e as causas da súa desaparición. Cando acabou a longa noite de pedra do fascismo, uns entusiastas lectores de poesía residentes en Barcelona, idearon a xénese dunha colección que dese cabida aos novos poetas que tiñan dificultades en publicar as súas primeiras obras. Dese fervor pola poesía naceu Leliadoura, da man xenerosa de Olegario Sotelo Blanco, un emigrante galego afincado en Cataluña. Era o ano 1985.

A partir desa data sucedéronse a publicación de trinta e oito volumes, que acollen a produción dun número case equivalente de poetas. Cando a vida democrática se foi normalizando e o propio país enxendrou débiles estruturas que permitiron unha vida cultural máis ou menos exangue, a colección Leliadoura deixou de existir. Cúmprese este ano o vixésimo aniversario da súa aparición e de aí o libro que agora comentamos por cuxas páxinas transitan poemas de Paulino Vázquez, Miguel Anxo Fernán-Vello, Manuel Rivas, Manuel Guede, Antón Avilés de Taramancos, Xoán-M. Casado, Ramiro Fonte, Xosé M. Costa, Xosé M. Álvarez Cáccamo, Luz Pozo Garza, Manuel Álvarez Torneiro, Claudio Rodríguez Fer, Pilar Cibreiro, Xesús Rábade, Xavier Seoane, Manuel Forcadela, Antón Lopo, Eusebio Lorenzo, Vitor Vaqueiro, Xesús Valcárcel, Lino Braxe, Antón Tovar, Fermín Bouza, Farruco Sesto, Cesáreo Sánchez Iglesias, Ánxeles Penas, Xosé Cermeño, Ricardo Martínez Conde, Xavier Santiago, Alfonso Armada, Xavier Rodríguez Baixeras e Arturo Casas.

O elenco, como podemos observar, é formidábel. Trátase de voces que naquela altura aínda comezaban a súa andadura poética mentres que, outras, alcanzaban a súa rotunda madurez. A poesía que alberga tamén é fulgurante na súa pluralidade. Libro, pois, para desfrute de todo amante da poesía. En palabras de Farruco Sesto: "Sexa tido en conta o que de palabras se viste/e por elas malvive".


VV. AA., *Antoloxía poética. Leliadoura (1985-1997)* (ed. Basilio Losada), Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2005, 206 páxinas

Sempre Cunqueiro

Puido, e pode, ser realmente discutíbel, en concordancia coas convicións de cadaquén, adotar semellante posicionamento —e, nin que dicir ten, laborar nel con determinadas "armas"— nunhas circunstancias ben concretas, como as que lle tocou habitar na relación espazo/tempo, e estámonos a referir, desde logo, a ese afán arreo manifestado na obra de Álvaro Cunqueiro: o desexo, o degaro do grande escritor de Mondoñedo por erradicar a tisteza do mundo. Agora ben; sinalado o anterior, do que si non cabe dúbida é que moi poucos, en xeral, e máis no particular da escrita, foron quen de deseñar tan soberbiamente nos seus textos a ledicia do amor ao seu país. Acaso demasiado acrítico, para os uns; apenas posibilista, para os outros... desde a perspectiva do lector de hoxe, o que importa é que, cando nos debuzamos sobre eses relatos de viaxes e xantares que Cunqueiro nos regala —tales como estes mesmos que se recollen no volume que agora traemos ás nosas páxinas: *Viajes y yantares por Galicia. Obra periódica en Vida Gallega (1954-1963)*—, asistimos a un verdadeiro gozo vital, á participación, por forza, entusiasta nunha festa de todos e para todos que vai desde as cazas con sabor bieito até a lampra, esa princesa verde, pasando

Crónica de viaxes e xantares

XOSÉ RAMÓN PENA



polo señor albariño cambadés, o moi santo porco, rei dos cocidos, ou o polvo, unha gula que si nos dá gula. E todo iso, ademais, a través do mar de Vigo, das chairas e montes de Lemos, do cristal da Coruña, as murallas de Lugo ou en compañía de M. de Montgolfier le Cadet, contemplando o máxico e maxestoso globo da terra natal do autor destas liñas, Betanzos dos Cabaleiros.

Con elegante prólogo de Anxo Tarrío —quen, acertadamente, non deixa de subliñar que don Álvaro, tal e como facía cos seus poemas, interpreta as receitas de cociña como algo pensado para lles dar de xantar, "se se daba a ocasión ou a necesidade" ás súas personaxes de ficción e facelas felices durante as viaxes que emprendesen— e cunha acertada introdución da man de Henrique Alvarellos Casas, xorde, daquela, este volume que nos devolve a alegría e que mesmo nos (re)descobre que o outono é a festa dos sentidos en Galiza. Polo tanto, un libro absolutamente recomendábel para todo aquel que queira fuxir do fastío e adentrarse nos camiños dun país soñado, pero por iso mesmo tan real nos corazóns.

CUNQUEIRO, Álvaro, *Viajes y yantares por Galicia. Obra periódica en Vida Gallega (1954-1963)*, Ed. Alvarellos, Santiago, 2005, 194 páxinas

LIBROS

Crónica dun tránsito

O túnel. Labirinto escuro. Crónica dun tránsito das tebras cara á luz. Percurso encamiñado á obtención da claridade. O túnel da linguaxe. O túnel da existencia. Velaí algunhas das claves para comezar a comprender este libro e este túnel que cambia e ameaza con se converter no labirinto eterno, no símbolo do propio devalar do ser humano á procura desas luces que mesmo a razón non é quen de ver suficientemente, malia ser o noso único consolo. O túnel que se modifica para non podermos saír nunca, camiñando sempre a cegas, ás apalpadadas, tal e como nos imaxinaba C. E. Ferreiro nun dos seus grandes poemas. O túnel da escrita, ese camiño, branco de papel e escuro de palabras, que percorremos para encher-mos de sentido o mundo, a nós mesmos.

Brillante, pois, paradoxalmente, este escuro título co que o Premio de Poesía Caixanova enaltece a un dos principais protagonistas da poesía galega das dúas últimas décadas. Brillante, porque estas palabras, que manan desa mina case inaccesíbel que é a peculiar maneira de calibrar a linguaxe, propia dun poeta nutrido de lecturas e maduro de experiencia, emiten a luz propia dos discursos que se vi-

As metamorfoses do túnel

MANUEL FORCADELA

ran sobre si, pois non en van o seu autor segue a ser un extraordinario formalista. E brillante porque, máis alá deses perceptibles destellos, existe unha fulxencia máis remota que sabe canxar o concepto coa forma para producir incandescentes estralidos.

Teño a Román Raña Lama como un dos grandes poetas galegos de arestora e aposto a que a súa obra vai ser cada vez máis valorada. E entendo que un dos valores acaso máis salientables de Raña é a súa disposición para aprender da linguaxe. Como el mesmo afirmou nunha recente entrevista nestas mesmas páxinas, a súa actitude perante a es-

crita é a de quen se senta a escoitar para que sexan as voces dos outros as que flúan, as que se manifesten. Este borrarse do autor para que amenza a linguaxe é a posición do poeta melómano, embriagado polas músicas que emerxen no torbeliño incesante das palabras. Son, pois, os significantes, na súa primacía, os que van enchendo de ecos o discurso, como se unha soa nota de son e de luz fose estrelándose contra un sen fin de espellos. Así, este afastarse para que flúan as linguaxes, como dicía Derrida, resulta a posición do sabio, a de quen procura unha imposible aproximación ao Real dando voltas na espiral incesante do Simbólico, do lingüístico.

O formalismo de Raña radica na pulcritude da linguaxe e na métrica depurada. Palabras exactas e plenas que se vinculan con palabras ausentes e fan, así, resoar a súa presenza, porque ese estar e permanecer é xa un milagre da música do mundo; palabras que tamén se abrazan

cir". Porque quen fala é a linguaxe, a fala que fala. A fala dos xéneros poéticos herdados, dos metros asumidos, dos tópicos estudados, dos modos de enunciación do discurso que xogan a mostrar ou velar a máscara que resulta desas propias palabras.

E velaí a modernidade. E a posmodernidade. O discurso que entra en quebra para se volver a formar como única saída, como derradeira posibilidade de estar no mundo, Sísifos que somos a transportar un enorme penedo chamado Linguaxe.

RAÑA, Román, *As metamorfoses do túnel*, Ed. Pen Clube/Caixanova, Santiago, 2005, 130 páxinas



ás que seguen ou anteceden encadeándose nunha aventura de música e concepto. Palabras que son verdade, en tanto que presenza do ser no logos, como dicía Heidegger, e é nesa verdade de si mesmas reunidas onde emerxe a nosa fascinación, atordados polo impacto de signos que remiten a outros signos, sabía heteroglosia de quen aprendeu que "non hai nada que di-

Transparencias do Miño

O lume pode borrar os lugares onde transcorron felices e tristes momentos da infancia, pero tamén o fai a auga, en forma de descomunal presa, sepultando para sempre o que foi. Fálanos Andrés Pociña do antigo Portomarín ao longo das páxinas de *Nas transparencias do Miño*, a súa primeira novela en galego. E pinta Pociña nela un cadro de paisaxes e xente que vive á beira do río, onde tamén viviu el cando neno. Xente ao lonxe que está hoxe no alto do Cristo; abaixo despuntan só icebergs do auténtico Portomarín que lembra o señor Nicolás, da casa dos Seoane. Trátase, pois, dun retrato nostálgico con pinceladas escuras e brillantes que ten como motivo central o caudaloso Miño. Ao seu carón vai medrando Miro, personaxe central, seguindo o seu cambiante curso. O paso natural das sucesivas estacións provoca baixadas e crecentes nas que se divisan as dúas illas, ao mesmo tempo que transcorren cara adiante as etapas na vida do neno, logo adolescente e máis tarde adulto, nun futuro adiviñable nas últimas páxinas; o tempo das chuvias e o tempo narrativo corren parellos na novela. Así, abre o primeiro capítulo, dá a primeira pincelada, mentando o mes de setem-

Desde as raíces da infancia asolagada

INÉS RUÍZ CORREA

bro e "a chegada irremediable dos cinco meses de gris", presentándonos ás personaxes que agardan a entrada doutra estación máis luminosa para ver as illas, efíxies fantasmagóricas, saír dos muros de pedra das casas e comunicárense entre eles. Vemos ao médico, necesario polo seu oficio e admirado polo Nacemento que monta na súa casa, ao mestre, de pasado misterioso e hábitos solitarios, á señora do Pazo da Gravanía, co corpo alí e coa alma na Habana, ás tres velas señoritas da casa de Leirado, velas glorias que viven illadas

do resto dos veciños: os pais de Miro, os amigos, como o señor Pepe... Percíbense con trazos vivos ou tenues no marco pictórico e pintoresco, ao fondo séntense as variacións musicais da auga.

Na inocente tranquilidade da infancia todos eles apréndenlle a vivir a Miro ata que descubra outra realidade máis alá do inmediato do pobo: mergullando nés páxinas de libros prestados que le no solaz íntimo do seu río, compañeiro sempre ou pasando polos con-



flitos da adolescencia, nin neno nin adulto, na crecente, cando "a gran carraxe". Momento este que rompe a monotónia, porque os campesiños convértense en avezados mariñeiros e van

aos caneiros atrapar anguías nas ben tecidas redes. Viaxa logo nun barco imaxinario á exótica Cuba e ao mundo adulto, da man da señora do Pazo. Pero aparece á fin a tristura, o afán de algo distinto, sen nome aínda, e busca o "refuxio agarimoso das correntes" para encontrar o amor nas transparencias do río, espello de todo. Última etapa da ruta que acabará noutro lugar, máis alá da infancia e do pobo. Pociña describenos o vello "locum Portomarini" con sensibilidade cadenciosa, nunha viaxe de ficción ao pasado da súa propia infancia asolagada, que rescata para nós nas páxinas molladas deste libro, salpicado de gotas poéticas: "Coma na herba noviña ou na frol da i-auga, eu quero oír o teu silencio nena. Un silencio estrelado de sorrisas, no que os teus ollos señan dous barquiños ancrados. Eu, solo, o mariñeiro. Unha fonda alegría nas velas brancas, dondas, - palabras que inda gardan o aquel da frol de liño-agardando a mañá en que deixes os meus portos e ceguño me embarque capitán dos teus ollos veleiros." Palabras en boca do vello adolescente namorado.

POCIÑA, Andrés, *Nas transparencias do Miño*, Edicións Laiovento, Santiago de Compostela 2005, 117 páxinas.


UN RETRATO
NOSTÁLXICO, CON
PINCELADAS
ESCURAS E
BRILLANTES,
SEMPRE Á BEIRA DO RÍO

Imaxes Mentais

A oferta expositiva do Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela estivo marcada este verán –está aínda até finais de mes– pola exposición do artista galego Din Matamoro, alén da presenza de mostras que teñen a videocreación como soporte central, como a que se puido contemplar até o 28 de agosto, de Carles Congost, *Un mystique determinado* e *3MPH (Horse to Rocket)* da artista sueca Ann-Sofi Sidén.

Din Matamoro (Vigo, 1958) amósanos até o 25 de setembro unha proposta extremadamente coherente e coidada e excelentemente montada, froito, sen dúbida, da complicidade do artista e do comisario da mostra José Jiménez, na que o artista utiliza diferentes soportes (fotografía, pintura, vídeo) para culminar cun espazo pictórico no que domina a luz en toda a súa plenitude.


O título da exposición *Imaxes mentais* é ben representativo dos resultados e da idea que preside a obra do artista vigués, porque as imaxes establecen un diálogo entre o exterior (natureza) e o interior (mente), do que xorden como resultado as “imaxes mentais”. O triunfo da luz, do extremo luminismo, traza a liña, o deseño, no que se atopa a captación do natural e o universo mental. O resultado deste encontro é intensamente poético e envolvente, mais quixera salientar que o efecto acadado é profundamente “natural” –de natureza- e non conceptual, aínda que sexa froito dunha coidada proposta e dunha elaboración moi pensada, que o espectador pode percibir como unha primeira ollada, como unha visión primixenia, o que me lembra a reflexión kantiana de que “é belo o que agrada universalmente e sen concepto”.



en toda a súa complexa rede de manifestacións e matices.

Din Matamoro utiliza tamén o vídeo –*Bolsas* é o título do que presenta-, protagonizado por unha bolsa plástica-coello, que lle serve para xogar co simbolismo e reflexionar sobre a fugacidade, nun brinco lúdico e ao tempo ateigado de materia para a reflexión, estreitamente ligada á realizada por medio das fotografías e pinturas.

Á esquerda, “Sol”.
Á dereita (arriba),
“Espuma”; abaixo,
“Cintas”: Din Matamoro
no CGAC.



Dúas mostras de vídeo

TRIUNFO DA LUZ TRAZA A
LIÑA, O DESEÑO NO QUE
SE ATOPA A CAPTACIÓN
DO NATURAL E TAMÉN DO
UNIVERSO MENTAL

A luz e a súa proxección inzan todo o espazo expositivo, cunha marcada hexemonía do pictórico, mesmo cando o soporte é fotográfico. A pintura, as manchas de cor, funcionan como un ámbito para a suxestión, desde a profundidade ao reflexo, e abren o espazo para dentro e para fóra –para o externo e o mental-, afondando, proxectando para un interior pero ao tempo espellando luz e cor, nun diálogo aberto que envolve o espectador e lle ofrece todo un catálogo de suxestións, que teñen como referente final o triunfo da luz

O vídeo foi, e é, tamén o soporte das outras exposicións do verán do CGAC, agora de xeito exclusivo. Así acontece coa obra que se proxectou de Carles Congost (1970) na que o tema do vídeo era a propia natureza do mundo da arte e o papel dos diferentes axentes que funcionan arredor deste mundo. Congost achégase ao tema por medio dun musical, cheo de referencias que procuran a complicidade do espectador que o poñen en relación con referentes cinematográficos, musicais e artísticos, tratados con ironía e intelixencia e cunha eficaz realización. O contraste entre o futuro ao que renuncia o protagonista como estrela do fútbol, coa súa impronta de triunfo social, e a incerta perspectiva que implica ser un videoartista articula unha divertida e intelixente visión de parcelas significativas do contexto cultural e social contemporáneo.

A artista sueca de Ann-Sofi Sidén (Estocolmo, 1962) presenta até o 2 de outubro unha videoinstalación e unha serie de fotografías nas que relata a súa viaxe desde o museo de arte contemporánea da cidade norteamericana de San Antonio (Texas) até o centro espacial Lyndon B. Johnson de Houston. Trátase dunha viaxe a cabalo que lle serve para analizar a América profunda. O traballo é de lene suxestión e de xeito delongado vai retratando socioloxicamente e paisaxisticamente unha América rural e conservadora, utilizando unha mestura de imaxes, son ambiental e fotogramas fixos, que permiten manter a atención do espectador nun traballo dunha duración considerábel para o habitual nas obras de videocreación.

O título *3MPH*, fórmula que remite a referencias espaciais e temporais, está en relación coa continua mobilidade que se

pode observar no vídeo, xa que é a propia artista a que viaxa a cabalo –cun deses cabalos Appaloosa que os indios da zona utilizaron como medio de transporte- percorrendo o estado de Texas.

O resultado, aínda que a artista se apropie de mecanismos do cinema e da performance, é máis propio do documental sociolóxico que dun traballo de creación, sen que a montaxe envolvente e dun coidado tratamento acabe por combinar este efecto con outro tipo de sensacións, ficando sobre todo o retrato dos protagonistas dunha sociedade de complexas estruturas, múltiples diferenzas –a que hai entre o urbano e o rural é a máis evidente- e marcadas barreiras sociais, que acontecementos como o furacán Katrina poñen máis en evidencia que calquera creación artística, este último si unha auténtica performance.

INFANTIL/XUVENIL

Boris e compañía

Dende 1981, data na que Concha Blanco (Cee, 1950) comeza a escribir para nenos, numerosos títulos e algún que outro premio -O Facho, por exemplo, nos anos 1982 e 1983- avalan a súa traxectoria neste eido. Dende *Contos prá escola*, o seu primeiro libro, ata un dos últimos, *Boris e compañía*, o seu percorrido incansable pola psicoloxía infantil e xuvenil fan que teñamos nesta mestra e escritora un referente da literatura actual deste xénero.

Hai un tempo, Concha Blanco daba a coñecer a Boris, unha gatiña moi especial que chega á casa de Laura dentro dunha caixa de agasallo e que fará as delicias da nena, creando entre elas uns vínculos de unión moi interesantes. Unha dolorosa decisión por parte dos pais da nena vai provocar que non vivan xuntas, mais permitindo que sigan véndose a diario. A partir de aquí comeza Boris e compañía e con ela unha sucesión de aventuras protagonizadas pola gata que porán a proba o enxeño de Artur, o seu novo dono, a paciencia de Matilde e Gustavo, pais de Artur, a tenrura de Laura e como non a intelixencia de Boris.



Sensibilidade cos animais

MARÍA NAVARRO

Unha vez máis as relacións que se establecen entre o mundo animal e o humano -neste

caso con nenos- vén a converterse no eixo fundamental que vertebra un texto que, se cadra, sen pretendelo apunta directamente á sensibilidade -sempre necesaria e pouco practicada- que o home debe manifestar para cos animais. Os nenos-protagonistas non dubidan en mostrar todo tipo de cuidados cando o que os precisa é un ser indefenso, mesturados cos máis nobres sentimentos de tenrura e cariño con alguén/algo que tanto amor lles inspira. Tamén unha vez máis o mundo infantil amosa unha extraordinaria madurez á hora de comportarse cos demais.

Quizais o éxito da primeira entrega animou á escritora a redactar unha segunda parte cando "Boris" parecía ter rematado coa marcha da casa da súa dona Laura, polo que se advirte unha falta de planificación na suposta continuación que se subsana co empeño da nena de seguir disfrutando da gata, aínda que sexa na distancia. Haberá unha terceira parte? É posible.

BLANCO, Concha, *Boris e compañía*, Ed. Galaxia, Vigo, 2005, 88 páxinas

A mestría de Roald Dahl

Charlie e a fábrica de chocolate, a novela infantil que se atopa entre as moitas historias escritas para nenos polo noruegués Roald Dahl, conta a historia dun neno ao cal a vida lle nega todas as cousas que pensamos case normais para calquer rapaz do primeiro mundo. A situación na súa casa, o seu pai está en paro e viven cos seus catro avós nunha casa moi pequena, non lle permite soñar con xoguetes e só no seu aniversario recibe unhas pastillas de chocolate polas que o neno agarda ano tras ano coma se fosen o mellor agasallo do mundo. Entre aniversario e aniversario non consegue nunca esquecer o chocolate porque, coma se fose un castigo, a súa casa está á beira da mellor fábrica de chocolate do mundo. Esta fábrica está rodeada de misterio e o seu dono promoverá un misterioso concurso que levará a Charlie e a catro nenos máis ao seu interior onde descubrirán un mundo maravilloso e cheo de aventuras que finalmente salvará á familia do protagonista da pobre situación en que viven.

No intre de chegar á fábrica, Charlie aparece coma un antihéroe, un personaxe pouco favorecido á beira dos outros rapaces, dous nenos e dúas nenas egoístas, consentidos e malcriados. O comportamento de Charlie sempre correcto no percorrido pola fábrica provocará

Charlie e a fábrica de chocolate

PAULA FERNÁNDEZ

que sexa el o gañador, deste xeito reproducése esa dicotomía, tan habitual tanto na literatura coma no cinema, entre bos e malos onde os bos rematan sendo os premiados.

A mestría de Roald Dahl converte o texto, cheo de contraposicións no comezo, nun conto esperanzador aínda que no fondo agache unha realidade dura, e o autor disfrazada esta realidade cre-



ando un mundo increíble, imposible, con fervenzas, ríos, salas de inventos, pazos ou árbores de chocolate no que traballan esquivos ou mesmo seres chegados dunha terra imaxinaria, Loompolandia, contratados polo medo do dono a que lle rouben o segredo da súa receita do chocolate. O conto enteiro é unha esaxeración constante onde se xoga coa combinación de cores e sabores facendo dalgúns fragmentos auténticos retallos de prosa poética.

O xeito en que se organiza a historia, fiel á estrutura tripartita tradicional, a inserción de momentos de tensión no seu desenvolvemento, unha boa dose de humor e un final feliz fixeron que a obra non pasase de longo ante os directores de cine, de feito a versión cinematográfica de *Charlie e a fábrica de chocolate* vén de estrearse non hai moito nas salas galegas. Mais nesa receita fantástica de Dahl hai que engadir o contido didáctico que contén, que se cadra ten que conseguir unha reflexión espontánea de quen le, un público de arredor dos once anos, sobre as diferencias existentes entre os nenos pertencentes ás distintas clases sociais,

DAHL, Roald, *Charlie e a fábrica de chocolate* (ilustr. Quentin Blake; trad. A. Avendaño), Ede. Xerais, Vigo, 2005, 219 páxinas

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

Dicionario Xerais Galego-castelán/Castellano-galego

Luís Castro Macía
Edicións Xerais. 840 páxinas

Este dicionario constitúe un vocabulario de correspondencias entre 25.000 entradas do léxico estándar de ambas as dúas linguas. En cada unha das entradas sinálase, ademais, a súa categorización gramatical, a fraseoloxía de uso máis habitual, así como, cando fose necesario, a precisión da súa tradución. A presente edición,

sensiblemente ampliada con respecto á primeira, está actualizada á normativa ortográfica aprobada pola Real Academia Galega de 2003, completándose con apéndices gramaticais que recollen a conjugación verbal galega e castelá. Sen dúbida, unha obra imprescindible para os escolares e as persoas que traballan coa lingua galega.




Das sonoras cordas

Olivia Rodríguez González (ed.)
Edicións Eneida. 371 páxinas

O presente volume recolle o traballo que en Galiza están levando a cabo quince poetas que non superan os 35 anos de idade; a poesía en galego e en castelán que se escribe en Galiza, e que ten unha importante tradición na contemporaneidade. En definitiva, unha antoloxía que ilustra a fecunda actividade nun tempo e nun espazo onde

algo sigue acontecendo. Son quince cordas sonoras de distintas intensidades e matices, de moi diversos mundos e rexistros, quince voces que van dende a prosa poética á canción amorosa, lírica, dulce ou esgazada, ou o poema visual, e que son mostra da nova poesía galega, filla do noso tempo e sabedora da súa rica tradición.



O tempo das palabras en voz baixa

Anne-Lise Grobety
Edicións Xerais. 80 páxinas

Oscar e o heroe desta historia son verdadeiros amigos, como tamén o son os seus pais, amigos dende sempre, amantes da poesía e aos que lles gusta rir e falar no xardín xunto ás colmeas. Pero un día todo abanea, cando chega o tempo de falar en voz baixa. Este libro, emocio-

nante e fermoso, sobre a morte dos xudeus nos campos de exterminio nazis, alerta sobre os perigos do esquecemento e a importancia da memoria para que non se cometan os mesmos erros. As ilustracións son de Esperanza León e a tradución de Emma Lázare.



Martín de Padrozelos

Xulio Pardo de Neira
Editorial Toxosoutos. 157 páxinas

Neste volume preséntase o pioneirismo poético de quen, segundo o autor, deberá ser considerado entre os primeiros escritores coñecidos en lingua galega. Martín de Padrozelos, autor de nove cantigas de amigo e una de

amor, e que nos informa da vizosidade literaria dunha nación que, como a Galiza de comezos do século XII, xa se tiña incorporado cunha habelancia e unha calidade destacábeis ao roiteiro do lirismo provenzalizante.



Silencios da memoria

Vinte anos con A Quenlla

DANIEL LAVESEDO

No mes de outubro de 1972, un grupiño de rapaces e rapazas que cantaban decote no coro do Colegio Menor Santísimo Sacramento de Lugo gañaban o primeiro premio do III Festival de As San Lucas en Mondoñedo, un dos máis populares concursos musicais cos que a ditadura esmorecente tentaba de seguro encamiñar as arelas xuvenís da mocidade da época. Naquel mes cumpriábase trinta e seis anos do asasinato de Severino Rivas perto de Portomarín e os Rolling Stones atopábanse na xira do seu -xa daquela!- décimosexto traballo discográfico publicado, *Exile on Main Street*. A formación que gañou o concurso mindoniense foron os Folk 72, que axiña mudaron o seu nome polo da canción coa que venceran no certame, Fuxan os Ventos. Entre os membros daquela histórica agrupación, que espallou entre a xente o recoñecemento e interese pola música e cultura galegas como auténticos precursors da escena actual, estaban Xosé Luis Rivas Cruz e Baldomero Iglesias Dobbarrio, máis coñecidos coma Mini e Mero, que estiveron vinculados dez anos naquel proxecto até que decidiron abandonalo, coma xa fixera antes o crego Xesús Mato -verdadeiro artífice do grupo lugues-, nun momento decisivo na evolución desta formación.

As inquedanzas de Mini e Mero levábanos a gustar cada vez máis da recolleita polas aldeas do impresionante legado cultural que constitúe a memoria musical galega, nomeadamente cantada, que se achaba daquela na encrucillada de esmorecer baixo o camiñar firme do asfalto, as novas tecnoloxías e a desruralización da nosa sociedade ou poder aínda ser salvada a tempo para os máis novos coñecer de onde proviñan. Por riba, a música galega da época deixaba a un lado as connotacións políticas que a acompañaran durante os anos setenta e a in-

terpretación musical exclusiva, isto é o abandono da palabra, máis a procura do irmanamento celta eran os parámetros baixo os que se movían a meirande parte das formacións que facían a súa andaina nos anos oitenta. Isto fixo que nacesse en 1984 A Quenlla, malia teren afirmado antes Mini e Mero que en abandonando Fuxan os Ventos, abandonaban a música. A formación pasou axiña do núcleo inicial de catro compoñente a sete -na actualidade, nove persoas compoñen A Quenlla, coa incorporación de voces femininas- e chegou á escena musical galega co propósito de, precisamente, defender os ideais que, segundo eles, desaparecían da música do país: o compromiso coa realidade social, por medio da musicalización da "poesía de inter-

vencción" e a devandita recuperación da memoria musical galega. E até hoxe, a traxectoria artística da formación luguesa dá mostras do inxente traballo a prol da cultura galega, que excede o labor convencional dun grupo de música -literatura, investiga-

TRAXECTORIA ARTÍSTICA
DA FORMACIÓN LUGUESA
EXCEDE O LABOR
CONVENCIONAL DUN
GRUPO DE MÚSICA

ción histórica, achegamento da cultura aos máis novos,...- pero que aínda así tamén é prolífico neste apartado, cun feixe de traballos publicados: *Os tempos aínda non, non son chegados* (1986), *Romance* (1988), *Európolis-88*, publicado no mesmo ano, *Máis alá da néboa* (1990), *Terra* (1992), *Nadal en galego* (1993), *A casa que nunca tivemos* (1996), *Namórate da vida* (1999), e *Silencios da memoria* (2005), todos eles producidos por 2001 Producciones Artísticas agás *Romance*, producido por Sons Galiza. Cómpre subliñar que nestes discos a formación se mantivo coherente coas liñas argumentais e ideolóxicas que tiñan nos comezos e así a poesía de Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Darío Xohán Cabana, Neira Vilas, Marica Campo,..., acompañada de sempre as pezas arrincadas ao esquecemento pola memoria do pobo, e isto foi o que A Quenlla levou este verán por toda a xeografía galega, Festa da Poesía de Salvaterra, O Porriño, Festa Folc de Vilariño, Oleiros, ..., sempre á marxe das programacións culturais oficiais e presentando o traballo co que festexaron o seu vinte aniversario, *Silencios da memoria*, dobre CD que recolle trinta e un temas que dan voz aos silencios, a dous tipos de silencios: por unha banda, ao silencio no folclore, que fai que non aparezan nos cancións certas cantigas por "pudoris causa", e por outra o silencio na historia, a memoria dos silenciados pola ditadura franquista, os asasinados tras unha farsa xudicial ou paseados en calquera amencer e esquecidos nunha gabia. Por iso, cando o pasado 19 de agosto, foi exhumado o primeiro republicano en Galiza, Severino Rivas Barja, alcalde socialista de Castro de Rei en 1936, acarón do seu fillo Darío e dos arqueólogos da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica, estaban tamén membros d'A Quenlla, dando sinxelamente un pasión máis cara á recuperación da nosa dignidade.

Mero e Mini:
a alma
d'A Quenlla.



A bigger bang: sempre os Stones

No mes de agosto que vén de rematar, The Rolling Stones comezaban a súa viséximo primeira xira mundial en Boston, xira de presentación de *A bigger bang*, o último traballo das "Satánicas Maxestades" con dezaseis temas novos. Os Stones non publicaban novas cancións dende *Bridges to Babylon* (1997); agora inclúen no novo disco a polémica "Sweet Neocon", onde critican con

dureza a nova dereita norteamericana e a Administración Bush. O tema -que se pode escoitar na web do grupo- achégase ao funk, coa voz rachada de Jagger por riba dicindo frases coma "Dis que es cristián, para min es hipócrita, dis que es patriota, para min estás cheo de merda", que recordan, e moito, ás mellores cancións de La Polla Records, especialmente a temas como "Hipócritas" de *No somos*

nada (1987), ou "Demócrata y cristiano" de *Revolución* (1985), e continúa proferindo ataques directos á política americana coma "Liberdade para todos, democracia é o noso estilo, sempre que non sexas inimigo, entón prisión sen xuízo". De calquera xeito, a xira dos Stones segue polos Estados Unidos e a banda aínda non interpretou o tema en ningún dos seus concertos, o que está levando a pensar aos

máis críticos coa formación inglesa que este non foi máis que o enésimo truco argallado arredor do grupo para lle dar publicidade ao lanzamento do novo disco. Unha cousa é certa: con entradas para a xira a 150 dólares, uns 120 euros, cunha montaxe que cada vez se afasta máis do musical para transformarse nun -alienante-espectáculo de masas e cunha liña apolítica de catro décadas, é complicado imaxinar os Rolling Stones realmente preocupados pola situación social do novo milenio, e os máis pícaros xa matinan se os problemas de saúde mental

derivados da súa avanzada idade e do abuso das drogas non serán o motivo último deste re-posicionamento político, como se pode ollar nun feixe de blogs e foros na rede. Para alén dos motivos verdadeiros da aparición do tema no derradeiro disco publicado dos Stones "Sweet Neocon" únese ao grupo de creacións artísticas críticas co goberno norteamericano, evidentemente encabezado polos filmes de Michael Moore, neste rexurdimento descafeinado das protestas dos anos sesenta que están a vivir nos USA.